



CONCELLO DE RÁBADE

BANDO

FRANCISCO XOSÉ FERNÁNDEZ MONTES, Alcalde Presidente do Concello de Rábade fago saber, que, diante da situación de ALERTA SANITARIA, provocada polo virus COVID 19 (coronavirus), dende a publicación do presente adóptanse as seguintes medidas:

-Quedan SUSPENDIDAS todas as actividades, culturais, sociais, deportivas, servizo de madrugadores, e de ocio previstas nas instalacións municipais, Pavillón Polideportivo e Centro Sociocultural, pechando ditos centros en tanto a situación sanitaria non o permita.

-A atención PRESENCIAL E FÍSICA nas oficinas municipais, limitarase únicamente ós asuntos URXENTES E PRIORITARIOS, **comunicando previamente por vía telefónica 982390062 a necesidade**. En caso de ter que recurrir á presenza física, pola seguridade de tod@s, farémolo mantendo as normas de distancia (nunca menos de metro e medio), e hixiene (evitando todo contacto con persoas e obxectos).

-Recoméndase encarecidamente seguir o uso das normas fixado polas autoridades sanitarias:

-EXTREMAR A HIXIENE, LAVADO FRECUENTE DE MANS CON AUGA QUENTE E XABÓN, EVITAR TOCAR BOCA, NARIZ E OLLOS.

-EVITAR CONTACTOS FÍSCOS, E XUNTANZAS CON ELEVADO NÚMERO DE PERSOAS QUE CONLEVE PROXIMIDADE FÍSICA.

TOD@S SOMOS TRANSMISORES POTENCIAIS DO VIRUS, E CANTO MÁIS RIGOR POÑAMOS NAS MEDIDAS PREVENTIVAS, MÁIS AXIÑA RECUPERAREMOS A NORMALIDADE.

Rábade a 13 de marzo de 2020

O Alcalde
Francisco Xosé Fernández Montes
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

